

DEPORTE EN IDADE ESCOLAR

CAMPIONATO CAMPO A TRAVÉS ; SANTIAGO

Organizado pola Agrupación Deportiva "LA PARRA", e baixo o control técnico do Comité Territorial de Xuices da F.G.A.,celebrarás o Campionato Escolar de Campo a Través o día 17 de Decembro do 2.011, no circuito do Parque Eugenio Granell (xunto Hipercor) . O campionato de zona será o 21 de Xaneiro do 2.012, neste mesmo circuito.

As datas de nacemento dos atletas son distintas o resto dos deportes:

BENXAMIN : Nados nos anos 2.004-2.003

ALEVIN : Nados nos anos 2.002-2.001

INFANTIL : Nados nos anos 2.000-1.999

CADETE : Nados nos anos 1.998-1.997

En todas as categorías haberá competición masculina e feminina

REGULAMENTO:

1- Poderán participar tódolos Centros Escolares, Clubes e Entidades deportivas, co número de equipos que dexasen.

2- Cada equipo estará formado por 6 atletas dos que puntuarán os 4 mellor clasificados , agás na categoría cadete , na que puntuarán os tres primeiros.

3- Estableceráanse dúas clasificacións:individual,segundo orde de chegada, e por equipos sumando os puntos obtidos polos 4 ou 3 corredores millor clasificados, resultando ganador o equipo que acade menos puntos

4- Clasificaráanse para disputar a fase de Zona os milllores equipos de cada categoría(o número de equipos establacerase segundo a participación) e os atletas que entren na meta nos postos 1 ao 8 ,sí non forman parte dos equipos clasificados.

5- Horario e distancias aproximadas a percorrer.

Hora	Categoría	Distancia aproximada
11	Benxamin feminino	500 ms
11,07	Benxamín masculino	500ms
11,15	Alevín feminino	600 ms
11,25	Alevín masculino	800 ms
11,35	Infantil feminino	800 ms
11,50	Infantil masculino	1.200 ms
12,05	Cadete feminino	1.200 ms
12,25	Cadete masculino	2.500 ms

6- Tódolos atletas e entrenadores deben formular a súa inscrición na paxina de Internet www.deporteescolargalego.org

7- As listas dos participantes enviaráanse ,antes das vinte horas do xoves anterior a cada competición, as oficinas do Deporte en Idade Escolar, Fax 881997627 ou a dirección de correo electrónico paalva53@edu.xunta.es

8- A composición dos equipos pode variarse en cada xornada.

9.-Poden utilizarse os vestiarios do pavillón do Restollal

10- Os Delegados recollerán os dorsais en Secretaría, antes do comenzo das probas .A organización non facilitará imperdibles.

11-Tódolo non previsto neste reglamento resolveráse co reglamento de I.A.A.F.

12- A organización non se fai responsable dos danos morais e materiais que poideran xurdir con motivo das probas.

Santiago a 14 de Novembro do 2.011